




# PENEDOS DE TRABA E PASARELA

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** completa (lineal): 8 km

estrada asfaltada: 1,6 km


Torre da Moa e Galla de Pena Forcada: 2,5 km (ida e volta).

Cachucha e A Man: 3 km (ida e volta)

**Dificultade:** media-baixa

**Duración:** 4 horas

O macizo de Pasarela e Traba forma parte da serra de Pena Forcada, unha serra de pequenas alturas que se estende paralela á costa, con dirección E-O, desde as proximidades de Laxe ata a Punta do Boi. Os cumes máis destacados son a Galla de Pena Forcada (269 m) e a Torre da Moa (274 m). Está formada por granitos nos que a erosión creou curiosas figuras. Cun pequeno esforzo de imaxinación podemos atopar formas suxerentes en cada pedra que cambian coa nosa posición, coa luz e a orientación.



## COMO CHEGAR:

A ruta pode facerse desde Pasarela (Vimianzo) ou desde A Costa (Laxe).

No lugar de A Costa (Laxe) cóllese un cruce sinalizado á Torre da Moa. Despois de 1.600 m, onde a estrada se bifurca, déixase o coche.

Vólvese atrás 200 m onde se atopa unha pista de terra á esquerda pola que se accede á Moas e A Galla. A 400 m, no incio dunha curva pechada sae, á dereita o sendeiro que sobe á Moa. Desde o alto hai boas vistas da lagoa e praia de Traba e no grupo de pedras que hai diante pódense ver “O Ceñudo”, a “A Pomba” e “A Galla”.

Volvemos de novo á pista e e collemos o seguinte cruce cara abaixo. Mirando cara á Moa vese o “Home que acarrexas pedras” e máis abaixo, de fronte, “O Indíxena”. Volvemos de novo á pista de arriba e seguimos cara á “Galla de Pena Forcada”. No seu contorno podemos ver numerosas figuras.

Volvendo á bifurcación cóllese o camiño da dereita, que ten só un pequeno tramo asfaltado, e a 800 m un desvío á dereita que remata nunha canteira abandonada. Un pouco antes de chegar á canteira sae un sendeiro á dereita que sobe á “Cachucha”, a “Nave Espacial ou A Man” e outras.

Para facer a ruta desde Pasarela cóllese o camiño que vai ao lugar de O Penedo e desde alí séguese por unha pista de terra ata o cruce da canteira (a 1.800 m de Pasarela) e logo continúaase a ruta en sentido contrario. Para facer o percorrido completo entre os penedos habería que armarse de moito valor e roupa anti-toxos.



Vista xeral dos Penedos de Pasarela e Traba.










Vista da lagoa de Traba desde A Moa



A Torre da Moa



Mencer desde Pasarela



Moitas pedras ofrecen distintas imaxes segundo o punto de vista